

Como colaborar con nós:

As túas fotos e documentos son de moita axuda para construír a memoria colectiva da nosa emigración. O Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega realizará a dixitalización dos documentos e fotografías, e procederá á correspondente devolución ao seu propietario xunto cunha copia dixital de cortesía, ben en CD ou pendrive USB.

Entrega presencial nas instalacións do AEG: tras recibir a túa visita, procederemos a realizar a dixitalización das túas fotografías ou documentos no momento.

Entrega dos documentos por correo postal: unha vez recibidos procederase á súa dixitalización e devolución pola mesma vía dos orixinais+copia en CD ou pendrive USB ao propietario.

On line: aquelas persoas que desexen ceder unha fotografía, documento ou video poderán enviar unha copia electrónica por email: aemigracion@consellodacultura.gal ; aemigracion@gmail.com

ou seguindo os pasos que se describen a continuación na Web

<http://consellodacultura.org/aeg/paxinaarq.php?id=3528>

Solicitude de recollida por parte do doante: en caso de que o doante non conte con medios para facernos chegar a documentación coa que desexa contribuír, pode contactar con nós a través do correo electrónico, ou chamando ás seguintes persoas de contacto:

Carolina García Borrazás

M.ª Teresa García Domínguez

881---995148

881-995143



PROXECTO DE RECUPERACIÓN DOCUMENTALE E FOTOGRÁFICA DA EMIGRACIÓN GALEGA
Campaña de recollida de colecciónsparticulares





Dende o ARQUIVO DA EMIGRACIÓN GALEGA do Consello da Cultura Galega manifestamos unha das nosas grandes aspiracións: a creación dun espazo común que axude a reconstruír e conservar a memoria colectiva da identidade galega espallada máis alá das nosas fronteiras.

Nesta segunda fase de recuperación documental queremos constituír un referente importante, sede de historias non contadas, dun pasado e presente común daqueles emigrantes galegos que serviron de referente identitario aos seus descendentes e á propia terra de orixe.

A nosa misión é a de recuperar, preservar e salvagardar o patrimonio documental de distintas fontes. Somos conscientes do coidado necesario na forma de recoller os testemuños e documentos persoais dos nosos protagonistas e colaboradores neste proxecto. Do pasado máis lonxano ou máis próximo deben quedar imaxes, documentos, versións e testemuños que constituirán un acervo de fontes a disposición da comunidade estudantil, dos expertos na temática migratoria e, por suposto, dos propios protagonistas.

O material que se recolla servirá para a investigación e difusión NON COMERCIAL, polo que non se verán infrinxidos nin os dereitos do autor, nin do propietario das imaxes e documentos que sexan cedidos ao Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega.



Tipos de documentos que os cidadáns poden aportar á nosa rede de recuperación :

Imxes que recreen a partida: fotografías da saída ou embarque, durante a viaxe (no barco, avión, tren,...) e trala chegada ao país de destino.

Documentos oficiais: pasaportes, Carteira de Identidade de emigrante, licenzas para emigrar, tarxetas de embarque, carnets de identidade ou cédulas do país de acollida, cheques bancarios de envío de remesas ao lugar de orixe, expedientes de matrimonio por poderes, carnet de socio dalgunha entidade galega ou española

Traballo e vida cotiá na emigración: fotografías nos lugares onde vivía e traballaba durante os anos de emigración, contratos laborais, tarxetas identificativas do seu propio negocio, imaxes do tempo de lecer (festas e celebracións familiares de distinta índole como festas escolares, vodas, bautizos, graduacións), etc.

O retorno: fotografías tras o regreso a Galicia.

